

# PRIMEIRA BIBLIOTECA VIRTUAL GALEGA

[www.bivir.com](http://www.bivir.com)

Xulián Maure Rivas

Unha das finalidades da Asociación de Tradutores Galegos (ATG), recollida nos seus estatutos (artigo 7, c), é «estimula-la traducción de toda clase de obras á lingua galega»; e nesta finalidade está integrada a función de dotar á sociedade galega de traducións das mellores obras da literatura universal. En varias ocasións –conferencias, artigos de prensa, mesas redondas– membros da nosa asociación temos manifestado a nosa convicción de que non é posible a normalización do noso sistema literario mentres non dispoñamos na nosa lingua de boas traducións dunha ampla selección dos clásicos das distintas tradicións culturais.

Como integrantes do chamado mundo occidental precisamos de que as nosas novas xeracións teñan interiorizados na propia lingua materna os mitos, as lendas, a lírica e a épica que constitúen o patrimonio literario de occidente e os tópicos de referencia que non unen nas mesmas raíces dos pobos veciños.

No xurdir editorial galego dos últimos vinte anos pequena foi a achega de autores clásicos traducidos ó galego. O esforzo editorial estivo centrado fundamentalmente no libro infantil e xuvenil como demostra a recente aparición de *Fadamorgana*, revista especializada na literatura que para nenos e mozos se edita en galego. As empresas editoras, polo de agora, só se atreven a traducir un clásico ó galego se prevén a posibilidade de que a obra traducida chegue a ser lectura recomendada no sistema escolar. A demanda espontánea de clásicos traducidos ó galego aínda é moi feble por parte dos nosos lectores, pois, segundo manifestan algúns editores, a oferta das traducións castelás sempre reúne mellores condicións de prezo e calidade.

Ante estas dificultades de mercado que presenta a empresa privada, hai dous anos que Valentín Arias e Xulián Maure, como membros da directiva da ATG, propuxeron ó presidente da Xunta de Galicia a creación dunha *biblioteca de familia* na que entrarían coidadas edicións dos clásicos da literatura universal e que sería distribuída en tódolos quioscos de Galicia, a prezos economi-

cos e cun ritmo de saída semanal. Daquela entrevista, polo de agora, só conseguimos-lo entusiasmo inicial do Sr. Presidente. Tradutores, quiosqueiros e, sobre todo, lectores seguen esperando unha decisión política que de forma subsidiaria cubra as deficiencias culturais que non satisface a empresa privada.

As novas tecnoloxías da comunicación permiten hoxe usar os servicios da rede *internet* e ofrecer ós lectores galegos un sucedáneo de libro que conteña unha obra clásica da literatura universal. A ATG intenta suplir con este novo soporte o que parece que aínda non é rendible nin para a empresa privada nin para a administración pública: ofrecer, no soporte tradicional en forma de libros, as obras clásicas que a maioría dos europeos cultos puideron ler nas súas respectivas linguas. Para moitos lectores o pracer da lectura vai acompañado co pracer do libro, non equiparable, hoxe por hoxe, ó pracer de ler nun monitor, nun libro electrónico ou nos folios soltos que facilite a impresora.

Hai máis de dous anos que a Asociación de Tradutores Galegos (ATG) deu os primeiros pasos para poñer na rede unha biblioteca virtual que puidese ofrecer ós lectores galegos os clásicos da literatura universal traducidos á nosa lingua. Desde o 15 de setembro de 2000 no sitio [www.bivir.com](http://www.bivir.com) van aparecendo pouco a pouco pequenas obras literarias que calquera usuario da rede pode baixar ó seu ordenador e imprimir totalmente gratis.

Consultando as estatísticas dos últimos anos, vemos que o número de obras literarias traducidas ó galego son ben poucas e os editores buscan todo tipo de axuda para soporta-la competencia das mesmas obras traducidas ó castelán. Como tantos valores culturais que quedan en mans do mercado, terminan desaparecendo ou, como neste caso, nin sequera dan aparecido.

Pode que, levado pola mentalidade actual de reducir as competencias do público, alguén poida pensar que, se a literatura universal en galego non é comercial, non deba existir, dado que o mercado é o mellor regulador na satisfacción das necesidades físicas ou culturais. Así a ópera ha de ser consumida en todo mundo en italiano ou en alemán, dependendo do libreto, e só a potencia económica da lingua inglesa permite versións do *bel canto* na lingua do dólar.

Estas limitacións económicas e editoriais están chamadas a desaparecer gracias ás novas tecnoloxías, que permiten distribuír gratis o que ata hoxe era antieconómico. En [www.bivir.com](http://www.bivir.com) irán aparecendo a ritmo de cincuenta títulos cada ano, se non as grandes obras da literatura universal, alomenos unha boa mostra delas, dado que aínda non é funcional descargar obras moi extensas.

Varios son os sectores beneficiados por este proxecto da Asociación de Tradutores Galegos:

## 1. Os lectores

O lector galego a penas pode ler na súa lingua natural as obras propias dos escritores galegos. Coa lectura dos clásicos da literatura universal en

galego asimilará mellor os tópicos presentes na cultura occidental común ós países europeos con lingua de cultura propia. A lectura dos clásicos orientais ou do mundo árabe dará maior variedade e capacidade de tolerancia ás manifestacións culturais propias de Galicia. Os escritores galegos do futuro que teñan lido os clásicos na súa lingua de produción poderán facer unha obra literaria máis universal e ó mesmo tempo máis singularmente galega.

## 2. Os tradutores

Aínda que a tradución literaria non é a maior dedicación da maioría dos tradutores profesionais, un programa que intentase poñer en galego as mil obras máis recoñecidas polos críticos literarios da humanidade implicaría unha oferta de traballo a un número importante de tradutores. A modestia do proxecto actual de BIVIR pode ser superada en prazo breve, cando a nosa oferta sexa máis difundida e distintas institucións recoñezan a súa importancia.

## 3. As editoriais

Unha das queixas do mundo editorial ante a publicación de literatura traducida ó galego é a pouca demanda espontánea que existe destes produtos, sobre todo, afirman, polo pouco hábito de lectura en galego nos lectores adultos e pola oferta de traducións casteláns a mellor prezo. Cando se popularice algo máis o acceso a internet e todo lector poida imprimir nun ordenador totalmente gratis unha obra literaria de recoñecido valor, irán aparecendo novos lectores que, pouco a pouco, poderán collérllle-lo gusto ás letras galegas. Os bos lectores necesitan das boas editoras e viceversa.

Neste sentido hai a posibilidade de que obras editadas en papel poidan estar ofrecidas na versión dixital, integras ou en parte, e inducir así a venda en librerías de libros pouco publicitados. Da mesma maneira hai a posibilidade de que unha casa editorial teña interese en editar algunha obra que primeiro apareceu en BIVIR.

No catálogo inicial, reproducido a continuación, pódense destacar obras traducidas directamente do grego, do checo ou do ruso, que non están aínda traducidas ó portugués nin ó castelán; así mesmo son descoñecidas nestas linguas as narración de viaxes dos franceses André Thevet e René Caillié.

Para potencia-lo traballo dos tradutores a ATG, en colaboración coa Fundación Plácido Castro, establecerá un premio de tradución, dotado de medio millón de pesetas, para a mellor tradución presentada en BIVIR, seleccionada entre cada lote de cincuenta obras traducidas e publicadas na Biblioteca Virtual.

## Relación de obras ordenadas por autor

AUTOR	TRADUCTOR	TÍTULO	ESPACIO
Alcoforado, Mariana	Teresa Grande Piñeiro	Cartas de amor	58 Kb
Andersen, Hans Christian	Mª Belén García	A sombra	33 Kb
Balzac, Honoré de	Emma Lázare Rodríguez	O coronel Chabert	185 Kb
Bellamy, Edward	Elena Maure Noia	A parábola do depósito de auga	20 Kb
Boccaccio, Giovanni	Xabier Rodríguez Baixeras	Decamerón	207 Kb
Bunin, Iván Alexéievitx	Alexandra Koss	Alamedas sombrías	19 Kb
Bunin, Iván Alexéievitx	Alexandra Koss	Balada	24 Kb
Bunin, Iván Alexéievitx	Alexandra Koss	O outono frío	15 Kb
Caillié, René	Xoán Anllo	Viaxe a Tombuctú	96 Kb
Capek, Karel	Jana Vavrinova	Crime nunha casa labrega	15 Kb
Cicerón, Marco Tulio	Xosé Carballude Blanco Xosé Mª Luñeira Reboredo	Sobre a vellez	131 Kb
Cicerón, Marco Tulio	Xosé Carballude Blanco Xosé Mª Luñeira Reboredo	Sobre a amizade	112 Kb
Diderot, Denis	Valentín Arias López	O sobriño de Rameau	107 Kb
Flaubert, Gustave	Emma Lázare Rodríguez	Un corazón simple	92 Kb
Flaubert, Gustave	Emma Lázare Rodríguez	Herodías	84 Kb
Flaubert, Gustave	Emma Lázare Rodríguez	A lenda de San Xulián o hospitalario	74 Kb
Grimm, Xacob e Wilhelm	Lucía Castaño	Contos	94 Kb
Halle, Adán de la	Agustín Vilariño Martínez	A peza da enramada	67 Kb
Halle, Adán de la	Agustín Vilariño Martínez	A peza de Berto e maría	58 Kb
Irving, Washington	Xosé Álvarez Vázquez	A experiencia do estudante alemán	19 Kb
Irving, Washington	Xosé Álvarez Vázquez	Rip van Winkle	52 Kb
Irving, Washington	Xosé Álvarez Vázquez	A lenda de Sleepy Hollow	95 Kb
James, Henry	Carme Millán Varela	Daisy Miller	165 Kb
Longo	Teresa Amado Rodríguez Rev.: J. J. Moralejo Álvarez	Dafnis e Cloe	164 Kb
Maupassant, Guy de	Brenda Maure Noia	O Horlá	35 Kb
Maupassant, Guy de	Emma Lázare Rodríguez	Bóla de sebo	104 Kb

Maupassant, Guy de	Antonio Pichel	Contos	171 Kb
Palamás, Kostís	Mosjos Morfakidis e Andrés Pociña	A morte do Palicari	73 Kb
Perrault, Charles	Agostiño Nieto Pazó	Barba Azul	15 Kb
Poe, Edgar Allan	Marifé Vega Alba	Tres domingos nunha semana	21 Kb
Rilke, Rainer Maria	Saleta Fernández	Na vida	15 Kb
Rilke, Rainer Maria	Saleta Fernández	Pluma e sabre	10 Kb
Rilke, Rainer Maria	Saleta Fernández	Wladimir, o pintor de nubes	9 Kb
Shelly, Mary	Ana Vidal Castiñeira	Conto do mortal inmortal	40 Kb
Stendhal	Pablo R. Ballesteros	Vittoria Accoramboni, Duquesa de Bracciano	66 Kb
Thevet, André	Xabier Queipo	As singularidades da Francia antártica	56 Kb
Vinyoli, Joan	Luciano Rodríguez	Son home só	111 Kb
Wells, Herbert George	Raúl Araya	A máquina do tempo	256 Kb
Zola, Émile	Antón Figueroa	Acuso	28 Kb

